

INFORMACIÓN E BOLETÍN DE INSCRICIÓN

O Congreso conta con 200 prazas que se irán cobrindo por rigorosa orde de inscrición, reservándose 140 prazas para o profesorado dos diferentes niveis de ensino: Infantil, Primaria e Secundaria; e 60 prazas para estudantes, persoas en situación de desemprego e Personal das entidades organizadoras e colaboradoras.

A cuota de inscrición é de 20 € e de 10 € para Desempregados, Estudantes, Socios de Nova Escola Galega e Personal das entidades organizadoras e colaboradoras, debendo ser aboada en Caixa Galicia, n/C: 2091-0300-45-3040089500 especificando o nome e apelidos da persoa inscrita. Esta cuota inclúe os desprazamentos en autobús a Vilanova, Celanova, Vilar de Santos e Allariz, así como as visitas aos museos e a comida do sábado 26 de abril. A matrícula no Congreso formalizarase presentando o boletín de inscrición acompañado do xustificante de pagamento na Secretaría Técnica sita no enderezo seguinte: Facultade de Ciencias da Educación (Conserxería), Avda. Castelao s/n., 32004 Ourense). Tamén se pode enviar por fax ao número 988 387159. O prazo de inscrición abrírase o 1 de marzo fíxándose a data límite de formalización o 18 de abril.

Expediranse diplomas acreditativos aos participantes: solicitado o recoñecemento de 24 horas de formación pola Consellería de Educación e de 2 Créditos de Libre Configuración da Universidade de Vigo.

ORGANIZAN



PATROCINAN



COLABORAN

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Consellería de Cultura e Deporte
Concello de Allariz
Concello de Celanova
Concello de Vilar de Santos

II

CONGRESO DE PATRIMONIO

«O patrimonio no século XXI»

no centenario de Xaquín Lorenzo



OURENSE

23, 24, 25, 26 e 28 de abril de 2008
na Facultade de Ciencias da Educación
Universidade de Vigo - Campus de Ourense

II CONGRESO DE PATRIMONIO

«O patrimonio no século XXI» no centenario de Xaquín Lorenzo

Despois de celebrado o I Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego no ano 2003, organizamos esta segunda edición co obxectivo de servir de punto de encontro aos investigadores que estudan o noso patrimonio etnolóxico común a Galiza e Portugal.

Prendemos asimesmo que o profesorado participe deste debate como sector privilexiado para conseguir que os mozos e mozas o coñezan e o valoren.

Mércores 23 de abril

- 16.00 h.** Recollida de material
- 18.00 h.** Acto de inauguración
- 18.30 h.** Conferencia «*Tempo e espazo patrimoniais*».
D. MANUEL MANDIANES CASTRO. C.S.I.C.
- 20.00 h.** Conferencia «*Os Xogos Populares*»
D. FRANCISCO VEIGA.
Asc. Galega do Xogo Popular e Tradicional.
- 21.00 h.** Presentación de Experiencias Educativas
«*O patrimonio oral galaico-portugués*»
SANTIAGO VELOSO. Ponte nas ondas.

Xoves 24 de abril

- 16.00 h.** Experiencias e relatorios dos asistentes
- 18.00 h.** Conferencia
«*Un patrimonio esquecido e en perigo: as obras dos nosos ferreiros*»
CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ. Museo do Pobo Galego
- 19.00 h.** Conferencia
«*Do mar artesanal dos mariñeiros ao mar globalizado dos burócratas*»
FRANCISCO CALO LOURIDO. Museo do Pobo Galego
- 20.00 h.** Conferencia
«*Proxecto Ronsel*». *Unha iniciativa para o coñecemento e posta en valor do Patrimonio Inmaterial*
IVÁN AREA. Universidade de Vigo

Venres 25 de abril

- 10.00 h.** Obradoiro de Xogos Populares
- 16.00 h.** Experiencias e relatorios dos asistentes
- 18.00 h.** Presentación de Experiencias Educativas
«*Museo da Capela*»
SECUNDINO GARCÍA MERA. Colexio Público Mosteiro de Caaveiro.
- 19.00 h.** Regueifas: PINTO DE HERBÓN, LUIS CARUNCHO, BENITO LOBARIÑAS E AUGUSTO CANARIO. Primeira parte.
- 19.40 h.** Conferencia «*Proxecto sons e voces de identidade*»
XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO E CONCEPCIÓN LOSADA.
Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego.
- 21.00 h.** Regueifas: PINTO DE HERBÓN, LUIS CARUNCHO, BENITO LOBARIÑAS E AUGUSTO CANARIO. Segunda parte.
- 22.00 h.** Actuación «*O Cancioneiro Popular*»
MINI e MERO «A Quenlla»

Sábado 26 de abril [todo o día]

Mañá

- 9.00 h.** Saída dende a parada de autobús da Avda. Otero Pedrayo-As Lagoas, Ourense.
 - Visita a Vilanova e exposición do proxecto Raigame
 - Visita a Celanova e debate sobre as Casas-Museo:
 - Casa de Curros:** D. ANTÓN PIÑEIRO
 - Fundación Risco:** D. LUIS RISCO
 - Museo Rosalía:** Dña HELENA VILLAR
 - Casa-Museo Otero Pedrayo:** D. VÍCTOR FREIXANES
 - Comida

Tarde

- 16.00 h.** Saída
 - Visita ao Museo Etnográfico da Limia en Vilar de Santos
 - Visita en Allariz do Parque Etnográfico do Arnoia
- 20.00 h.** Conferencia «*O patrimonio industrial de Galicia*»
D. XAN CARMONA. Universidade de Santiago de Compostela

Luns 28 de abril

- 16.00 h.** Experiencias e relatorios dos asistentes
- 18.00 h.** Conferencia
«*As concepcións do patrimonio etno-antropolóxico na Galiza: visións legais e prácticas institucionais*»
XERARDO PEREIRO. Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro
- 20.00 h.** Conferencia de Clausura
«*O valor do patrimonio, hoxe*»
IAGO SEARA MONTES. Consello da Cultura Galega.
- 21.00 h.** Clausura. Entrega de Diplomas

II CONGRESO DE PATRIMONIO. «O PATRIMONIO NO SÉCULO XXI» NO CENTENARIO DE XAQUÍN LORENZO

Nome	Apelidos	D.N.I.
Enderozo	Localidade	C. Postal
Telf.	C. Electrónico	Número de rexistro persoal

Marque o que corresponda:

Xeral [20 €]

Estudiante [10 €]

Desempregado [10 €]

Socio de Nova Escola Galega [10 €]

Persoal da entidade organizadora/colaboradora [10 €]

Indicar a cal pertence

Ingreso en CAIXA GALICIA, nº/Cº: 2091 0300 45 3040089500. Concepto: II Congreso de Patrimonio (indicar nome e apelidos)